



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 30-07-2025, ditou a Resolución 1125/2025 que se transcribe:

“ASUNTO: CHAMAMENTO PARA CUBRIR UN POSTO NO PROGRAMA “VIMIANZO DIXITAL” A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO DE TÉCNICO/A AUXILIAR INFORMÁTICO/A DO CONCELLO DE VIMIANZO APROBADA POR RA 1431/2024

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000014

EXPTE. RELACIONADO: 2024/E001/000010

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo ten na súa RPT a praza de técnico/a auxiliar informático/a.

Desde este posto realízanse labores administrativas no departamento de Promoción Económica, coordínase a actividade da Aula Cemit e lévase o control e seguimento do sistema e das necesidades informáticas do concello.

Desde que foi creado este posto ata o presente os cometidos da praza foron modificándose, acorde coa evolución da administración local, a demanda de servizos da cidadanía, a implantación da administración electrónica e a implantación de novas ferramentas de comunicación coa cidadanía.

O Concello de Vimianzo adheriuse ao programa da Deputación da Coruña denominado “[Concello Dixital](#)” que ten a misión de contribuír á transformación dixital das entidades locais e situalas nun escenario operativo de alta eficiencia e de excelencia na prestación dos seus servizos, mediante o impulso da Administración Dixital no seo da organización.

En base ao anterior, o Concello de Vimianzo vai desenvolver o programa “Vimianzo dixital” que contempla a implantación de propostas transversais de transformación dixital en todas as áreas e servizos. Este proceso de evolución tecnolóxica obriga a un acompañamento continuo do funcionariado no esforzo que supón a adaptación ao novo modelo de cultura organizacional, necesaria para a consecución dos obxectivos. Con este programa perséguese resultados en dúas vertentes:

- 1) Vertente interna: mellora da xestión e eficiencia do Concello de Vimianzo
- 2) Vertente externa: mellora na interoperabilidade co resto de administracións e na relación entre o concello e a cidadanía

O artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade ou urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira. Entre as circunstancias que se contemplan figura a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1431/2024, do 06/11/2024, aprobouse a bolsa de traballo de técnico/a auxiliar informático/a para o Concello de Vimianzo, que ten unha duración de tres anos contados a partir do día seguinte á súa aprobación. A bolsa está constituída polas seguintes persoas:

	NÚM. EXPEDIENTE	NOME	APELIDOS		TOTAL
1	2024/E002/000048	NOEMI	SAN MIGUEL ALVAREZ	***9962**	68,00
2	2024/E002/000043	ADRIAN	PEREIRA FERNANDEZ	***0436**	56,50
3	2024/E002/000050	CARMEN	SENDON VILLAR	***2908**	55,50
4	2024/E002/000049	DARIO	LOPEZ RODRIGUEZ	***0114**	53,00
5	2024/E002/000047	JUAN LUIS	LISTA ANTONIO	***8277**	49,50
6	2024/E002/000045	MARCOS	CASTRO MOUZO	***2727**	35,50

Tendo en conta o exposto, é preciso cubrir un posto de técnico/a auxiliar informático/a para o desenvolvemento do programa “Vimianzo dixital”, como funcionario/a interino/a, a partir da citada bolsa.

DISPOSICIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O artigo 10 do TREBEP, dedicado aos funcionarios interinos, establece no seu punto 1 en que circunstancias poden ser nomeados.
- As funcións do posto son de competencia municipal, tendo en conta os artigos 7 e 25 da LBRL.
- O artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece as seguintes atribucións da Alcaldía:
 - a)Dirixir o goberno e a administración municipal.
 - g)Aprobar a oferta de emprego público de acordo ao Orzamento e á plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexa fixas e periódicas.
 - h)Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal
- A base oitava, punto 2, das que regulan o proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo de técnico/a auxiliar informático/a, aprobadas por RA 1109/2024, do 06/09/2024, da as instrucións para os chamamentos.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar a necesidade e a urxencia de cubrir un posto de técnico/a auxiliar informático/a para o desenvolvemento do programa “Vimianzo dixital”, por funcionario/a interino/a, conforme ao estipulado no artigo 20, apartado cinco, da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado para 2025.

Segundo.- Aprobar o chamamento, a partir da bolsa aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 1431/2024, do 06/11/2024, seguindo a orde de prelación, para cubrir un posto de técnico/a auxiliar informático/a para o desenvolvemento do programa “Vimianzo dixital”, como funcionario/a interino/a coas seguintes características:

Grupo/Subgrupo: C/C1

Escala: Administración especial

Subescala: Técnica

Clase: Auxiliares

Complemento de destino: 16

Complemento específico: o que figura na RPT actualizado

Modalidade: Funcionario/a interino por programas (Art. 10.1 do TREBEP)

Xornada: completa

Programa: Vimianzo dixital

Duración: Tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública

Data de inicio: 01/08/2025

[...]”

Vimianzo, 30 de xullo de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez